

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

2328 *Resolución do 21 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se desenvolve a información que deben subministrar as corporacións locais relativa ao esforzo fiscal e á súa comprobación nas delegacións de Economía e Facenda.*

A Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, establece, no seu artigo 104, a fórmula para o cálculo do esforzo fiscal dos municipios, necesario para proceder á liquidación definitiva da súa participación nos tributos do Estado correspondente a 2014. Esta fórmula desenvólvese en termos análogos aos exercicios anteriores.

Así mesmo, en virtude da citada lei, o 30 de xuño de 2014 considérase a data límite de presentación da información sobre esforzo fiscal ante as delegacións de Economía e Facenda.

Esta presentación, de acordo co disposto no artigo 122.dous da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, poderase realizar en papel ou a través da súa transmisión telemática coa sinatura electrónica do interventor ou, se for o caso, do titular do órgano da corporación local que teña atribuída a función de contabilidade. Para o caso da transmisión telemática con sinatura electrónica, esta secretaría xeral puxo á disposición das entidades locais unha aplicación accesible desde a Oficina Virtual de Entidades Locais do portal do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Co obxecto de facilitar aos concellos o cumprimento desta obrigaición, esta secretaría xeral dita a presente resolución, consonte a habilitación establecida no artigo 122.tres da Lei 22/2013, antes mencionada.

Número 1. *Información que subministrarán as corporacións locais.*

Para calcular o esforzo fiscal municipal coa maior precisión, requírese a información que, con carácter básico e complementario, se cita nos números seguintes.

1.1 Información básica: os concellos deberán achegar certificación dos seguintes datos referidos ao exercicio 2012:

a) Recadacións líquidas dos seguintes tributos:

– Imposto sobre bens inmobles, tanto de natureza urbana, con especificación, se for o caso, e por separado, da recadación por bens inmobles de características especiais, como de natureza rústica.

– Imposto sobre actividades económicas.

– Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

b) Base imponible do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana. Sempre que se cite a base imponible do imposto sobre bens inmobles entenderase nos termos da disposición adicional novena do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que establece que as bases impositivas do mencionado imposto que se van considerar no cálculo do esforzo fiscal, para efectos da distribución da participación en tributos do Estado a favor dos concellos, «... se corresponderán co importe dos valores catastrais minorados na contía da redución establecida nesta lei que, se for o caso, corresponda aos inmobles do municipio en cada exercicio económico» (artigos 65 a 70 do citado texto refundido). Ademais, especificarase, se for o caso, a base imponible dos bens inmobles de características especiais.

c) Tipos de gravame aplicados do imposto sobre bens inmobles, tanto de natureza urbana como rústica e, se for o caso, o correspondente aos bens inmobles de características especiais.

d) Cota tributaria total exixible no municipio polo imposto sobre actividades económicas.

No caso en que se opte pola transmisión da información en formato papel, estes datos proporcionaranos os concellos utilizando o modelo de certificado recollido no anexo desta resolución. Este modelo poderá ser descargado a través da aplicación mencionada no preámbulo desta resolución ou solicitarse ás delegacións de Economía e Facenda da Administración xeral do Estado.

Aquelas corporacións locais que opten pola transmisión telemática dos datos con sinatura electrónica cubrirán directamente o certificado a través da aplicación ofrecida na Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, accesible no portal do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

1.2 Información complementaria: no caso de que a xestión recadatoria estea encomendada a outro ente territorial a cuxa demarcación pertencen os concellos, con que se formalizase o correspondente convenio ou en que se delegase esta facultade, deberase remitir, ademais, certificado da recadación obtida por aquel ente, o cal deberá emitilo en cumprimento da obrigaación dimanante das relacións interadministrativas ás cales fai referencia o artigo 55 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

No documento que expida o órgano competente deberá quedar constancia de que os ingresos corresponden ao exercicio 2012 e que foron recadados dentro do período voluntario. Igualmente, deberase especificar que a recadación líquida polo imposto sobre actividades económicas contida nas certificacións expedidas corresponde exclusivamente a ingresos municipais, excluídas, se é o caso, as recargas a favor de entes provinciais e as cotas nacionais e provinciais.

Número 2. *Remisión da información ás delegacións de Economía e Facenda.*

Os concellos que opten por tramitar o certificado en soporte papel, reunida a información citada no número 1, remitirana á delegación de Economía e Facenda da súa provincia antes do día 30 de xuño de 2014, segundo establece o artigo 122 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014.

Os concellos que opten pola tramitación telemática deberán gravar e transmitir coa sinatura electrónica a información solicitada antes desa mesma data. Se for o caso, a documentación complementaria achegarase na maneira habilitada para isto na tramitación telemática.

A aqueles concellos que non acheguen a documentación anterior, ben mediante soporte papel ben a través da transmisión telemática con sinatura electrónica, nas condicións sinaladas, seralles de aplicación, para efectos de practicar a liquidación definitiva da súa participación nos tributos do Estado correspondente a 2014, o coeficiente mínimo do esforzo fiscal medio calculado nos termos do número 4 do mencionado artigo 122.

Número 3. *Comprobación da información subministrada polas corporacións locais.*

3.1 As delegacións de Economía e Facenda proporcionarán aos concellos que o soliciten o modelo de certificado incluído no anexo desta resolución e, no caso en que a información sexa subministrada polos concellos en formato papel, procederán á gravación dos datos correspondentes tal e como figuran nos certificados achegados por aqueles.

Alternativamente, os concellos poderán acceder directamente a cubrir o certificado a través da aplicación ofrecida na Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, accesible no portal do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e proceder á súa tramitación telemática con sinatura electrónica.

En todo caso, as delegacións de Economía e Facenda, recibido o certificado a través dunha ou outra vía, debidamente cuberto e documentado, comprobarán o seu contido conforme os números seguintes.

3.2 Comprobación das recadacións: para a comprobación das recadacións obtidas polos diferentes tributos deberanse ter en conta os seguintes aspectos:

a) Os concellos deberán achegar datos da recadación líquida obtida en período voluntario correspondente ao exercicio de 2012.

b) No caso de que existan discrepancias respecto aos mesmos tributos entre os datos do certificado expedido polo órgano recadador provincial ou supramunicipal e as cifras achegadas polo concello, prevalecerán as recollidas naquel, salvo cando houberse actuacións de recadación municipal (por exemplo: altas en padróns tributarios), caso en que se recollerán por separado e se sumarán ambos os importes.

c) A recadación do imposto sobre actividades económicas non poderá exceder a cota tributaria total, deducida da tarifa (cota modificada pola aplicación do coeficiente de ponderación, incrementada, se for o caso, polos coeficientes de situación, excluindo as recargas provinciais e as cotas provinciais e nacionais). Esta recadación incrementarase co importe da compensación que con relación a 2012 se recoñecese aos concellos por bonificacións na cota deste imposto concedidas a cooperativas fiscalmente protexidas.

d) A recadación do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana non poderá exceder, en ningún caso, a aplicación do tipo de gravame acordado polo concello sobre a base imponible suxeita a tributación, datos que se inclúen no modelo de impreso de recollida de datos do esforzo fiscal. Esta recadación incrementarase co importe da compensación que con relación a 2012 se recoñecese aos concellos por bonificacións na cota deste imposto concedidas a centros educativos concertados.

3.3 Comprobación de elementos tributarios básicos: a comprobación dos elementos tributarios básicos deberá incidir nos seguintes aspectos:

a) A base imponible do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana nos termos da disposición adicional novena e nos artigos 65 a 70 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Naquela non se incluírá a base imponible dos bens inmobles de características especiais, que se deberá recoller no certificado de forma separada. En calquera caso, excluírase a base imponible que corresponda a bens exentos de tributación neste imposto.

b) Os tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles, tanto de natureza urbana como rústica, así como o correspondente aos bens inmobles de características especiais, se for o caso, deberán estar incluídos nos límites que se fixan no artigo 72 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

c) A cota tributaria total do imposto sobre actividades económicas non deberá incluír cotas provinciais ou nacionais nin recargas provinciais.

3.4 Resultados da comprobación: realizada a comprobación conforme os criterios anteriores, as delegacións de Economía e Facenda axustarán a estes as certificacións correspondentes, accedendo á aplicación habilitada para estes efectos pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

No suposto de que resultase necesario axustar as certificacións aos criterios anteriores, deberase comunicar tal circunstancia aos concellos correspondentes co obxecto de que, no prazo de quince días desde a súa recepción, manifesten as alegacións que consideren oportunas sobre as diferenzas observadas polas delegacións de Economía e Facenda, as cales, unha vez transcorrido o dito prazo, consolidarán os datos na aplicación e remitirán á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local a documentación achegada polas entidades locais, conforme o disposto no número 4 seguinte.

Número 4. *Remisión á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local da información sobre esforzo fiscal.*

Antes do 30 de outubro de 2014, as delegacións de Economía e Facenda remitirán, en envío único, á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local a documentación achegada polas entidades locais en soporte papel. Esta remitirase ordenada conforme os

códigos asignados a cada municipio polo Instituto Nacional de Estatística, unha vez gravados os datos incluídos nas correspondentes certificacións.

Antes desa mesma data e unha vez efectuada a comprobación da información recibida, conforme o contido desta resolución, independentemente do procedemento de transmisión polo que se obtivese a información, a delegación de Economía e Facenda procederá a dar por concluído o proceso mediante o bloqueo da información correspondente aos concellos da súa provincia de acordo coas instrucións da aplicación habilitada para o efecto.

Para todos os concellos da provincia, e como documentación complementaria á do parágrafo primeiro deste número, xuntarase a seguinte documentación:

a) No suposto de que se inclúsen nos importes de recadación, de bases impositivas ou de cotas tributarias, as compensacións que, por beneficios fiscais nos impostos sobre bens inmoables ou sobre actividades económicas, se recoñecesen, as delegacións de Economía e Facenda deberán xuntar unha relación cos nomes dos municipios afectados e os importes que correspondan a cada compensación, especificando esta e o imposto municipal a que se refira. Se non inclúen as compensacións antes citadas nas cifras de recadación, de bases impositivas ou de cotas tributarias, deberase especificar esta circunstancia.

b) No caso de que, malia a limitación establecida na epígrafe c) do número 3.2 desta resolución, a recadación do imposto sobre actividades económicas supere a cota tributaria municipal, a delegación correspondente deberá xuntar unha relación dos municipios en que se dá esta circunstancia, especificando o seu motivo.

Número 5. *Prórroga dos prazos.*

Os prazos sinalados na presente resolución poderán ser prorrogados de oficio na forma prevista no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, caso en que a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local adoptará o oportuno acordo, que será comunicado aos municipios a través dos delegados de Economía e Facenda.

Madrid, 21 de febreiro de 2014.—A secretaria xeral de Coordinación Autonómica e Local, Rosana Navarro Heras.

ANEXO

DATOS DO ESFORZO FISCAL (1) ANO 2012

CÓDIGO INE	CONCELLO	PROVINCIA
------------	----------	-----------

D. _____, secretario/interventor, **CERTIFICA** que a **recadación líquida** deste concello obtida en período voluntario, correspondente ao exercicio de 2012, e referida aos conceptos impositivos que a seguir se detallan, foi a seguinte:

IMPOSTOS sobre	Xestión recadatoria do concello (2)	Xestión recadatoria do órgano supramunicipal (3)	Compensacións recoñecidas a favor do concello (4)	SUMA (5)
Bens inmobles de natureza urbana				
Bens inmobles de características especiais				
Bens inmobles de natureza rústica				
Actividades económicas				
Vehículos de tracción mecánica				
TOTAL (5)				

Así mesmo, CERTIFICA que, en relación co período impositivo de 2012, resultaron os seguintes elementos tributarios:

Tipo de gravame	IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES		Cota tributaria municipal total do imposto sobre actividades económicas (8)
	De natureza urbana (6)	De características especiais (7) (Euros)	
De natureza urbana:			
%	Base imponible:		
De características especiais:			
%	Reducións:		
De natureza rústica:			
%	Base imponible menos reducións:		

E para que conste e produza os efectos oportunos ante a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para a distribución da participación dos municipios nos tributos do Estado correspondente ao ano 2014, expido a presente certificación co visto e prace do alcalde-presidente da corporación, en o de 2014.

V. e Pr. O alcalde-presidente,

O secretario/interventor,

NOTAS ACLARATORIAS

- (1) Este certificado de esforzo fiscal, así como o que, se for o caso, expida o órgano supramunicipal de recadación, enviaranse, debidamente cubertos, á delegación de Economía e Facenda correspondente, **antes do 30 de xuño de 2014.**
A aqueles municipios que non achen a documentación citada aplicaráselles na liquidación definitiva da participación nos Tributos do Estado de 2014 o coeficiente mínimo de esforzo fiscal nos termos do artigo 122.catro da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014.
- (2) Esta columna recollerá os ingresos obtidos polos tributos respecto dos cales teña asumida a recadación o propio concello.
- (3) Nesta columna reflectiranse os datos contidos no CERTIFICADO que debe expedir o órgano recadador competente, referido ao período e conceptos sinalados. Esta documentación, que incluíra os importes denominados en euros, deberá xuntarse como ANEXO ao presente modelo con carácter obrigatorio.
Os ingresos directos consignaranse, na columna (2) e/ou (3) que corresponda, coa suficiente diferenciación, e requirirse, se for o caso, a achega documental sinalada no parágrafo anterior.
- (4) Inclúrase no recadro correspondente ao imposto sobre bens inmobles de natureza urbana o importe da compensación concedida por resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local pola bonificación da cota dese imposto, correspondente a 2012, a centros educativos concertados, segundo a Lei 22/1993, do 29 de decembro. Tamén se incluíra, no recadro correspondente ao imposto sobre actividades económicas, a compensación concedida por resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local pola bonificación do 95% da cota deste imposto, correspondente a 2012, outorgada a cooperativas protexidas segundo a Lei 20/1990, do 19 de decembro.
- (5) Na columna de suma de importes de recadación referidos a cada imposto, así como na fila de importes totais de recadación referidos ao tipo de ingreso segundo o órgano recadador, recolleranse as contías que resulten da operación aritmética de sumar os importes parciais incluídos nesta certificación.
- (6) Inclúrase o importe da base imponible do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana correspondente ao padrón e ás altas producidas, sempre que se refiran ao período impositivo de 2012. A base imponible corresponderase co importe dos valores catastrais minorados na contía da redución establecida no texto refundido da Lei de facendas locais (disposición adicional novena). En calquera caso, exclúrase a base imponible que corresponda a exencións do imposto.
- (7) Inclúrase o importe da base imponible do imposto sobre bens inmobles de características especiais correspondente ao padrón e ás altas producidas, sempre que se refiran ao período impositivo de 2012.
- (8) Enténdese por cota tributaria municipal a cota mínima incrementada, se for o caso, por coeficientes de situación, excluíndo cotas provinciais e/ou nacionais. Tampouco se incluíra a recarga provincial.